



Asociación: **ANPA NÓS Oleiros**  
Centro: **CEIP de Oleiros**  
Concello: Oleiros  
Provincia: A Coruña

**Asunto: Información sobre o proceso de asunción do comedor xestionado pola ANPA**

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria comezou no curso 2013/2014 un proceso de asunción dos comedores xestionados polas ANPAS en canto á xestión da comida do mediodía e a atención ao alumnado neste período de tempo.

Á vista da súa solicitude de información sobre o proceso de asunción do comedor escolar do seu centro, fácese chegar un documento no que se refiren as condicións xerais polas que se rexería o servizo no suposto de ser asumida a súa xestión por esta Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Polo período temporal no que nos atopamos, dita hipotética asunción en todo caso podería materializarse para o vindeiro curso escolar 2017-2018.

No tocante ao proceso a seguir, en primeiro lugar, unha vez coñecida polos seus asociados a información referida ás condicións xerais e sempre que eles queiran proseguir co proceso de asunción, a ANPA comunicaránolo expresamente, a fin de que lles remitamos de seguido o anexo informativo, mediante o cal precisarannos o número de usuarios que no curso 2017-2018 terá o comedor do CEIP de Oleiros, circunstancia que desembocará no oportuno estudo das características que poderá ter o comedor asumido.

Ditas características e demais condicións e especificacións transmitirémolas á ANPA, a fin de poder rematar o proceso de asunción co cumprimento do requisito imprescindible dunha nova conformidade da ANPA a estas características finais do comedor. Dita



conformidade será manifestada, dentro do prazo que se outorgue para o efecto, nun documento asinado polas persoas que exerzan a secretaría e a presidencia da ANPA, no cal comunicarannos os pormenores e o resultado final da asemblea celebrada a propósito.

Atentamente.

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2016

A Subdirectora Xeral de Recursos Educativos Complementarios

A. Dill

Ana Ormilla Guillamon

